



## Proxecto “SIÑOR AFRANIO”

IES Pintor Colmeiro de Silleda

IES de Tomiño

Asociación Cultural Adellís

Curso 2006-2007

## *ÍNDICE*

### Páxina

1.- LIMIAR.....	3
2.- OBXECTIVOS. ....	4
3- VINCULACIÓN CO CURRÍCULUM ACADÉMICO.....	4
4.- PROMOTORES E PARTICIPANTES.....	5
5.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES.....	5
6.- DATAS SUXERIDAS.....	6
7.- A REVISTA COMO PROXECTO DE FUTURO.....	6
8.- PRESUPOSTO.....	7
9.- ANEXOS.....	7

## ***1.- LIMIAR***

O Ciclo de Condución de Actividades Físico Deportivas do Medio Natural vén impartíndose no IES Pintor Colmeiro de Silleda desde o curso escolar 2001-2002. Ao longo destes anos son múltiples as actividades académicas que se teñen realizado como complemento ao currículo académico: travesías por Caurel, Ancares, Serra do Faro, Vía da Prata, Camiño Francés desde León...

O profesorado do Ciclo estima que estas actividades son fundamentais para a formación do alumnado, e é por este motivo que as inclúe dentro da programación, do seguinte xeito:

- Consensuando co propio alumnado a elección da zona e das datas.
- Dando ao alumnado unha cota de organización e posta en práctica da mesma.
- Elixindo actividades que dun ou doutro xeito estean relacionadas co patrimonio natural e cultural galego.

Así foi como o pasado mes de Outubro decidiuse participar na homenaxe a Antón Alonso Ríos e a Ramón de Valenzuela organizadas pola Asociación Cultural Adellís, de Silleda, e como deste achegamento naceu a idea de integrar este recurso patrimonial dentro, principalmente, da programación do Módulo de Desprazamento, Estadía Seguridade no Medio Terrestre, e elaborar e presentar este proxecto de actividade.

## **2.- OBXECTIVOS.**

- Reivindicar a memoria dos personaxes máis significativos a nivel político e literario de Silleda no período da República e da Guerra Civil Española.
- Que o alumnado coñeza e valore non só o seu patrimonio material, senón tamén o inmaterial, e as persoas que o dignificaron.
- Aproveitar un espazo diferente para o desenvolvemento da práctica profesional do alumnado do Ciclo Medio que conxugue o aproveitamento do patrimonio natural e cultural.
- Promover unha actividade en prol da recuperación da Memoria Histórica, no marco da declaración do ano 2006 como tal pola Consellería de Cultura.
- Editar un documento da actividade en forma de revista.
- Aproveitar a realización da actividade no Baixo Miño como actividade de travesía de tres días para o terceiro trimestre do curso.

## **3- VINCULACIÓN CO CURRÍCULUM ACADÉMICO.**

A principal relación das actividades propostas é, esquematicamente, cos seguintes módulos (ver resumo de programación ao final):

- Desprazamento, estadía e seguridade no medio terrestre:
  - Orientación e topografía
  - Marcha e travesía
  - Interpretación do Patrimonio
- Dinámica de Grupos:
  - Bloque I: Dinámica e dinamización de grupos
  - Bloque II: Comunicación no grupo.

#### ***4.- PROMOTORES E PARTICIPANTES.***

- IES Pintor Colmeiro de Silleda.
- IES de Tomiño.
- Asociación Cultural Adellís, de Silleda.
- Bieito Alonso, historiador e biógrafo de Antón Alonso Ríos

#### ***5.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES.***

SILLEDA: Ruta a pé guiada e comentada en torno á figura de Ramón de Valenzuela, conxuntamente co alumnado do IES de Tomiño, que se desprazaría en autobús ata a zona.

BAIXO MIÑO: Estadía de tres días do alumnado do Ciclo, aloxamento en camping da zona, e realización do seguinte programa:

- Día 1: Rota en memoria dos fusilados no Monte Aloia.
- Día 2: Rota Alonso Ríos, conxuntamente co alumnado dos IES de Tomiño e Silleda, no entorno da Serra da Groba.
- Día 3: Rota no entorno do Tecla e Camposancos, en torno á figura de Juan Noya Gil.
- Posibles Actividades Paralelas:
  - Escalada no Tecla
  - Visitas: Goián e Vilanova de Cerveira, Tui, A Garda, Esteiro do Miño.
  - Charla con Bieito Alonso e Mario Rodríguez.

## **6.- DATAS SUXERIDAS.**

- 23 ao 25 de Abril (Baixo Miño)
- Semana do 7 ao 11 de Maio (Silleda)

## **7.- A REVISTA COMO PROXECTO DE FUTURO.**

Un dos principais problemas dos pobos e das culturas minoritarias é a perda de identidade e o esquecemento dos seus referentes máis cercanos.

Nós quixeramos aproveitar a ocasión para sentar as bases dunha actividade que perdure no tempo e que palíe na medida do posíbel o descoñecemento de dúas das figuras máis relevantes do panorama social e cultural do concello de Silleda no século pasado. E como cremos que este traballo debe comezarse desde abaixo, propoñemos a publicación dun caderno ou revista moi sinxelo onde se recollan:

- Unha pequena semblanza biográfica de Ramón de Valenzuela e de Antón Alonso Ríos.
- Unha descrición gráfica e escrita das rotas deseñadas para a ocasión.
- Un pequeno parágrafo ou fragmento dalgunha das súas obras que sexa relevante dentro do contexto das rotas.

Esta publicación tería múltiples utilidades: deixar constancia da celebración da actividade, dala a coñecer e repetila con escolares de toda Galicia, servir de campo de prácticas ao alumnado do Ciclo e guía para rotas que algún día poidan ser de interese turístico.

As características da mesma serían:

- 8 páxinas a toda cor.
- Papel reciclado de 140 gr.
- Tirada de 2000 exemplares.

## **8.- PRESUPOSTO**

- Transportes .....	1800 €
- Aloxamento e manutención .....	1000 €
- Material acampada .....	600 €
- Cartografía e documentación .....	400 €
- Fotografía .....	200 €
- Seguros .....	300 €
- Publicación do Caderno .....	1500 €
- Dietas viaxe preparatoria .....	200 €
- Conferenciantes / Guías .....	300 €
- Varios / Imprevistos .....	<u>700 €</u>
<b>TOTAL .....</b>	<b>7000 €</b>

## **9.- ANEXOS.**

- Resumos de programación dos módulos de :

- Desprazamento, estadía e seguridade no medio terrestre.
- Dinámica de Grupos
- Programación de actividades extraescolares do IES Pintor Colmeiro, ano académico 2005-2006.
- Programación das actividades da Biblioteca deste mesmo Centro.